

SECRETARÍA DE GOBERNO LOCAL

CONCELLERÍA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE VIGO



INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION

Expte: 1558/1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

En data 16.05.2023 don ██████████ en calidade de Secretario de la Sección Sindical de CCOO solicita acceso á información pública interesando se lle informe a este sindicato se o acordo de reestruturación do Servicio de Extinción de incendios e Salvamento acadado na Mesa Xeral de Negociación do día 29 de decembro de 2010 entre os representantes do goberno local (Concelleiro delegado da área de Mobilidade, seguridade e transportes, Sr. Xulio Calviño) e a parte sindical (os sindicatos CIG, UGT, CCOO, e SICO), e que foi aprobado pola Xunta de Goberno local do día 9 de maio de 2011 (EXPEDIENTE 21983 /220), foi modificado ou substituído por algunha resolución administrativa posterior e, no seu caso, solicito se faga entrega a este sindicato dunha copia da mesma.

En data 11.10.2023 solicitouse informe á área de RRHH e Formación

En data 30.10.2023 remitiuse novo informe asinado polo técnico de administración xeral e Xefatura da área de RRHH e Formación.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información solicitada.-

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 09:16	Páxina 1 de 4
1558-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

O réxime xurídico previsto para ao acceso á información pública na Lei 19/2013, do 9 de decembro(LTAIBG), os seus límites e o procedemento que ha de seguirse, tan só quedan desprazadas, actuando neste caso como supletoria, cando outra norma legal haxa disposto un réxime xurídico propio e específico de acceso á información nun ámbito determinado, tal e como establece a Disposición adicional primeira apartado segundo da LTAIBG)

En materia de acceso á información por parte da representación sindical a STS 748/2020 de 11 Jun. 2020, Rec. 577/2019 determina *"O art. 40.1 del Real Decreto legislativo 5/2015 de 30 de octubre, por el que se regula el Estatuto Básico del Empleado Público, no contiene un régimen específico y alternativo que desplace el régimen general de acceso a la información contenido en la Ley 19/2013, ni limita o condiciona el acceso a la información que las Juntas de Personal pueden tener en relación con aquellas materias relativas los empleados que representan y la información que les atañe."* E por isto que procede tramitar a solicitude acceso á información presentada por ██████████ ██████████ en calidade de representante sindical e Secretario da sección sindical de CCOO no Concello de Vigo conforme a LTAIBG.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada,

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 09:16	Páxina 2 de 4
1558-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Sr [REDACTED] en calidade de Secretario de la Sección Sindical de CCOO solicita acceso a información en materia de acordo/resolución que modifícase o acordo de reestruturación do Servicio de Extinción de incendios e Salvamento acadado na Mesa Xeral de Negociación do día 29 de decembro de 2010 que foi aprobado pola Xunta de Goberno local do día 9 de maio de 2011.

A vista da solicitude de acceso a información formulada solicitouse de conformidade co artigo 19 da LTAIBG informe á área de RRHH e Formación que informa o seguinte." *non consta na Área de Recursos Humanos e Formación, resolución ou acordo posterior adoptado por órgano municipal no que se modifícase expresamente o acordo de reestruturación do Servicio de Extinción de incendios e Salvamento aprobado pola Xunta de Goberno local do día 9 de maio de 2011 (EXPEDIENTE 21983 /220).*"

A vista do informe conclúese que a información solicitada non consta na área de RRHH e Formación polo que non tendo sido elaborada non constitúe información pública nos termos do artigo 13 da LTAIBG e polo tanto non pode ser facilitada.

O artigo 18.1.a) da LTAIBG determina << *Se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, las solicitudes:*

a) Que se refieran a información que esté en curso de elaboración o de publicación general."

Neste senso o Consello de Transparencia e Bo Goberno estima que esta causa de inadmisión concorre nos supostos en que no se pode proporcionar a información porque materialmente non se ten (resolucións 11/2015, de 25 de maio, 403/2015 de 21 de xaneiro entre outras.)

E por isto polo que procede inadmitir a solicitude formulada en tanto que o concello carece de dita información.

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2023.

Polo exposto fórmase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Inadmitir ao abeiro do artigo 18.1.a) da LTAIBG a solicitude formulada por [REDACTED] de acceso a información pública en materia de acordo/resolución que modifícase o acordo da Xunta de Goberno local do día 9 de maio de 2011 dado que a información solicitada non foi elaborada polo Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Notificarlle á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 09:16	Páxina 3 de 4
1558-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe.

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023, 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 09:16	Páxina 4 de 4
1558-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		